




↑ Amarga navidad. Pedro Almodóvar. ESTREA 20 MAR

NUMAX PRESENTA:


99 | MARZO 2026



Librería

Relatos

En marzo chegará ás librerías *Rastros* de Carlos Lixó, un libro de relatos que edita Rodolfo e Priscila. Para acompañar esta aparición escollemos outros libros de contos de fondo, de novidade, para adultos e para a rapazada.



Rastros
Carlos Lixó
RODOLFO E
PRISCILA | 18€



**Detrás del
armario,
el hacha**
Torborg
Nedreås

ERRATA
NATURAE | 21€




Era todo el mismo hueco
Eider Rodríguez

RANDOM HOUSE
| 18,90€




El buen mal
Samanta Schweblin

SEIX BARRAL
| 19,90€



Cuentos completos
Jorge Luis Borges

ALFAGUARA | 24,90€



Relatos
Deborah Eisenberg

CHAI EDITORA
| 19,50€




Cuentos atados a la pata de la cama
Angélica Liddell

MALAS TIERRAS
| 21€




Tu utopía
Bora Chung

ALPHA DECAY
| 19,90€



Corpus
Raquel Miragaia

ATRAVÉS EDITORA | 14€



El amante de los caballos
Tess Gallagher

ANAGRAMA
| 19,90€



**Medea
me cantó
un corrido**

Dahlia de
la Cerda

SEXTO PISO
| 17,90€



Parchís

María Girón

KALANDRAKA
| 17€



**Sombras
na noite**

Paula
Carballeira

TRIQUETA | 19,95€



**Hail Satan
Redux**

Simon Hansel
Mann

FULGENCIO
PIMENTEL | 25€

Eventos | marzo 2026

XOVES 5 DE MARZO ÁS 19H00

Presentación de 8 *ensaíos*
sobre Rosalía (GALAXIA).

SÁBADO 6 DE MARZO ÁS 19H00

Presentación de *Medios
inestables* (BARTLEBOOTH)
coa presenza de **Laura
Tabarés** e **Ezequiel Soriano**.

VENRES 13 DE MARZO ÁS 19H00

Presentación de *Perder o norte*
(GALAXIA) de **María Quiroga**.
A autora estará acompañada
por **Cynthia Menéndez**.

MÉRCORES 18 DE MARZO ÁS 19H00

Presentación de *Rastros*
(RODOLFO E PRISCILA)
de **Carlos Lixó**. O autor
estará acompañado de
Alba Cid e **Berta Dávila**.

XOVES 26 DE MARZO ÁS 19H00

Presentación de *Árbore
arriba. Memoria das orixes*
(ALVARELLOS) co autor,
**Xosé María Álvarez
Cáccamo**, en conversa co
editor, **Henrique Alvarellos**.



M I C E
M I C E
21º MOSTRA INTERNACIONAL
DE CINEMA ETNOGRAFICO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
10 - 15 MARZO 2026
M I C E
M I C E



ANJA BREIEN

XÈNEROS
EN FUGA

VIOLACIÓN

PASE ÚNICO 3 MAR

Voldtekt, 1971, 96', NO, VOSE

📍 Presentación de Víctor
Paz (Lost&Found)

AS ESPOSAS

PASE ÚNICO 17 MAR

Hustruer, 1975', 82', NO, VOSE

📍 Presentación da actriz
Carmen Méndez



Filme do mes:**AMARGA NAVIDAD** ESTREA 20 MAR**Pedro Almodóvar, 110', ESP, VO**

Con Bárbara Lennie, Leonardo Sbaraglia, Aitana Sánchez-Gijón

Elsa é unha directora de publicidade cuxa nai morre durante a ponte de decembro. Encontra refuxio no traballo, aínda que é máis ben unha fuxida cara adiante. Traballa sen parar e, sen se decatara, non deixa tempo para gardar o dó pola ausencia materna até que unha crise a obriga a parar. Entón decide viaxar a Lanzarote acompañada da súa amiga Patricia que tamén precisa afastarse

de Madrid, mentres que Bonifacio, compañeiro de Elsa, fica na capital.

O universo Almodóvar está de volta, cun intenso melodrama no que realidade e ficción están unidos de xeito indisoluble e mesmo doloroso.





HISTORIAS DEL BUEN VALLE ESTREA 6-7-8 MAR

José Luis Guerin, 122', ESP, VO

Nun barrio periférico, entre o mundo rural e o urbano, coexisten as casas dos primeiros migrantes que chegaron de toda España na posguerra... e unha cidade dormitorio onde se concentra a nova migración.

🏆 **Premio Especial do Xurado — Donostía 2025**



O ÚLTIMO VIQUINGO

ESTREA 6 MAR

Anders Thomas Jensen, 116', DK, VOSE

Con Mads Mikkelsen, Nikolaj Lie Kaas

Anker sae de prisión tras unha condena por roubo. O botín foi soterrado polo seu irmán Manfred. Só el sabe onde está. Pero Manfred ten un trastorno mental e esqueceu todo. Xuntos emprenden unha viaxe para atopar o diñeiro e descubrir quen son.

🏆 **Sección Oficial — Venecia 2025**



AGUIAS DO CAIRO

ESTREA 13 MAR

Tarik Saleh, 127', AR, VOSE +16

Con Fares Fares, Lyna Khoudri

George Fahmy, un actor adorado, vese obrigado a facer un filme encargado polo Goberno. Será a súa porta de entrada ao círculo das persoas máis poderosas de Exipto. Axiña comeza un romance coa misteriosa muller do xeneral que supervisa o filme.

🏆 **Sección Oficial — Cannes 2025**



ANGEL'S EGG

PASES 13-14-15 MAR

Mamoru Oshii, 72', XAP, VOSE, +12

Nunha cidade mergullada, unha nena coida un grande ovo. Está convencida de que pertence a un anxo. Un rapaz aparece cun enigmático artefacto en busca dunha ave que viu en soños. Un día, o rapaz esmaga o ovo.



EU CRÉOTE ESTREA 27 MAR

Charlotte Devillers / Arnaud Dufey, 78', FR, VOSE

Con Myriem Akeddiou, Laurent Capelluto

Alice vai ante o xuíz. Non ten marxe de erro. Debe falar en nome dos seus fillos e enfrontarse co pai. A custodia está en xogo. Poderá facer oír a súa voz e protexelos antes de que sexa tarde de máis?

🏆 **Mellor Filme — Sevilla 2026**



ALTAS CAPACIDADES

ESTREA 27 MAR

Víctor García León, 101', ESP, VO

Con Marián Álvarez, Israel Elejalde, Juan Diego Botto

Alicia e Gonzalo, unha parella de clase media, atópanse coa oportunidade de matricular o seu fillo Fer nun colexio laico de elite. Para os pais supón asomar a cabeza na clase alta, novas amizades, maiores ingresos, vantaxes incontables. Din facelo polo seu fillo.

🏆 **Sección Oficial — Málaga 2026**

Os ollos verdes



MANAS PASE ÚNICO 2 MAR

Marianna Brennand Fortes, 101', PT, VOSE

Con Jamilli Correa, Fátima Macedo

Marcielle, de 13 anos, vive na Illa de Marajó, en plena selva amazónica, e empeza a comprender que o futuro non lle ofrece moitas oportunidades. Atrapada pola resignación da súa nai e impulsada polo exemplo da súa irmá, decide enfrontarse á engrenaxe violenta que rexe a súa familia.

🏆 **Nomeada a mellor filme latinoamericano — Goya 2026**



i Coloquio en liña coa autora

AS ESTAÇÕES PASE ÚNICO 9 MAR

Maureen Fazendeiro, 83', PT, VOSE

Con Simão Ramalho, Cláudio da Silva

Con relatos de traballos rurais e notas de campo dunha parella de arqueólogos, imaxes de afeccionados e debuxos científicos, lendas, poemas e cancións, *As estações* é unha viaxe a través da historia real e os contos do Alentejo e un retrato das súas xentes.



A GRAN FESTA DO BOSQUE

PASES ÚNICOS 14-15 MAR

VV.AA., 54', VE, +3

Betty O'Barley e Harry O'Hay son dous espantallos que comparten tanto tempo e son tan felices xuntos que deciden organizar unha gran festa para celebrar o seu amor. Para conseguilo precisarán a axuda de todos os animais do bosque.



MARY ANNING E A PRAIA DOS DINOSAURIOS

PASES ÚNICOS 28-29 MAR

Marcel Barelli, 72', VE, +6

En 1811, Mary Anning, unha nena curiosa e vital, busca fósiles e pedras estrañas, unha paixón que lle transmitiu seu pai. Todo muda cando el falece e deixa un misterioso debuxo. Para axudar a súa familia, Mary tenta descifrar o segredo.

🎬 Mellor Filme — Locarno Kids 2026

Centenario Rafael Azcona



EL PISITO

PASE ÚNICO 10 MAR

Marco Ferreri, 76', ESP, VO, 1958

Con Mary Carrillo, José Luis López Vázquez

Rodolfo e Petrita tras doce anos de relación precisan un piso que non dan atopado. Proxéctase acompañado de *Se vende un tranvía*, curtametraxe de Juan Esterlich protagonizada por López Vázquez.



PEPPERMINT FRAPPÉ

PASE ÚNICO 31 MAR

Carlos Saura, 92', ESP, VO, 1967

Con Gerladine Chaplin, José Luis López Vázquez

Pablo, un amigo de Julián, casou con Elena, unha sofisticada estranxeira. Julián obsesiónase tanto con ela que empeza a facerlle as beiras e a mudar o aspecto físico e os hábitos da enfermeira que atende a súa consulta, xa que se parece bastante a Elena.



SONATA DE OUTONO

PASE ÚNICO 12 MAR

Ingmar Bergman, 99', SV, VOSE, 1978

Con Ingrid Bergman, Liv Ullmann

Charlotte, unha célebre pianista, estivo tan absorbida pola súa carreira que non viu a súa filla Eva en 7 anos. Charlotte vai visitala.

🏆 2 Nominacións aos Oscar 1978

Pioneiras



PIONEIRAS #07: LOTTE REINIGER

PASE ÚNICO 19 MAR

Lotte Reiniger, 91', VOSE, 1919-1926

Sesión dedicada á alemá, célebre polas súas animacións con siluetas, *As aventuras do príncipe Achmed* (1926), acompañada de *O ornamento do corazón namorado* (1919), *O baúl voador* (1922) e *Cincenta* (1922).

Memoria, verdade e xustiza



LA LARGA NOCHE DE FRANCISCO SANCTIS

PASE ÚNICO 24 MAR

Andrea Testa / Francisco Márquez, 78', ESP, VO

Con Diego Velázquez, Laura Paredes

Por mor do Día da Memoria pola Verdade e a Xustiza en Arxentina proxectamos esta adaptación da novela de Huberto Costantini ambientado na ditadura militar.

De lugares e órganos



ORDET (A PALABRA)

PASE ÚNICO 30 MAR

Carl-Theodor Dreyer, 125', DK, VOSG, 1954

Con Henrik Malberg, Emil Hass Christensen

En Xutlandia vive Morten Borgen cos seus fillos; Mikkell, casado con Inger; Johannes, considerado un tolo, identifícase coa figura de Xesucristo; Anders está namorado da filla do xastre, intransixente líder dunha relixión rival.

📍 Presentación das organizadoras do ciclo.



NUMAX **10**
numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

  @numaxcoop

AAAAAAA Agencia
GGGGGG Gráfica
